

RESOLUCIÓN REITORAL DO 07 DE MARZO DE 2022 POLA QUE SE APROBAN CRÉDITOS ECTS POLA REALIZACIÓN, ORGANIZACIÓN OU DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES CULTURAIIS

Por acordo do Consello de Goberno do 10 de outubro de 2016 aprobouse o regulamento de recoñecemento de créditos ECTS por realizar actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación. Atendendo ás competencias atribuídas e ao acordo acadado na Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes, celebrada o 24 de febreiro de 2022, esta reitoría RESOLVE:

A autorización de recoñecemento de ECTS pola asistencia a cursos, congresos, seminarios e outras actividades académicas naquelas titulacións que así o teñan recoñecido nos seus planos de estudo, que se relacionan no anexo I.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produciase a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Por delegación R.R. do 26/05/2020 (D.O.G. do 04 de xuño)

A vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria
(asinada dixitalmente)

Natalia Caparrini Marín



ANEXO I

Título do curso, congreso, seminario e outras actividades académicas	Código	Centro, Departamento ou Institución organizadora	Responsable	Datas de celebración	Data de autorización	Horas	Créditos recoñecidos
A Galicia que Funciona	AC2200005	Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais	Valderrama Santomé, Mónica	Do 08/02/2022 ao 26/04/2022	24/02/2022	6	0,2
Jean Monnet: Administración Tributaria e Dixitalización	AC2200006	Departamento de Dereito Público Especial	Muleiro Parada, Luis Miguel	Do 10/03/2022 ao 07/04/2022	24/02/2022	20	0,7
Xustiza e Xénero	AC2200007	Departamento de Dereito Público	Iglesias Canle, Inés Celia	Do 19/09/2022 ao 20/09/2022	24/02/2022	40,5	1,4
A Inclusión da Muller no Dereito Tributario. Talentos Visibles	AC2200008	Dereito Público Especial	Ruiz Hidalgo, María del Carmen	O 21/10/2022	24/02/2022	5,5	0,2
Aula Permanente de Música Tradicional Galega	AC2200009	Vicerreitoría Campus de Pontevedra	Agrelo Costas, María Eulalia	Do 06/09/2021 ao 27/06/2022	24/02/2022	175	5,8

